| - social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).<br>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. |

| Contidos |
|---|
| - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | O século XIX e o pre-rexurdimento | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | Cuestionar  prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal. | TI | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | Rosalía de Castro | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Explicar e argumentar, en boa medida, a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto . | PE | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal. | TI | 60 |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Partillar a experiencia lectora e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega ¿e tamén da lusófona¿ obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Desenvolver algún proxecto de investigación que se concrete nunha exposición oral ou nunha presentación, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega. | | |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos. | | |
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar os propios textos con propostas de mellora argumentadas, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.<br>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.<br>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.<br>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. |

| Contidos |
|---|
| - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.<br>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Curros e Pondal | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Explicar e argumentar, en boa medida, a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto . | PE | 40 |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal. | TI | 60 |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Partillar a experiencia lectora e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega ¿e tamén da lusófona¿ obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Desenvolver algún proxecto de investigación que se concrete nunha exposición oral ou nunha presentación, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega. | | |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos. | | |
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar os propios textos con propostas de mellora argumentadas, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. |
| - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. |
| - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. |
| - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario. |
| - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. |
| - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. |
| - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. |
| - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias |
| - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. |
| - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. |
| - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na |

| Contidos |
| --- |
| - tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétase na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándolle a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela.

A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter moi en conta á hora de programar as nosas actividades docentes.

Débese ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciar:

· Priorizarase a atención á diversidade e terase en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo. Ofertará unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén e disporá os mecanismos de reforzo que se deberán pór en práctica en función das dificultades de aprendizaxe que se detecten.

· Será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

· Adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e usos gramaticais.

· Proporcionar e traballar con textos de distinta tipoloxía e natureza, especialmente expositivos e argumentativos.

· Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos existentes para a obtención da información.

· Propiciar a implementación de procesos de busca guiada da información, tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios e fontes, así como a composición satisfactoria de textos utilizando distintos soportes.

· Facer lectura, interpretación e valoración de obras literarias.

· Propiciar dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas propias actividades.

A metodoloxía será, pois, dinámica e participativa: fomentarase o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a coordinación e orientación da profesora ou profesor. A función do ensinante consistirá, sobre todo, en organizar o traballo do alumnado e fomentar a aprendizaxe por descubrimento, recorrendo só o necesario ás exposicións maxistrais e dinamizando o grupo-clase para que en ningún momento caia na pasividade e na recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión.

O método basearase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e produción de textos de diversos tipos. Aproveitando o método de ensino unitario da lingua e a literatura, procurarase en ocasións a coincidencia de textos para análise literaria e para análise lingüística; ademais, empregaranse outros textos non literarios para recoñecer e

analizar os procesos de construción textual co obxectivo de que o alumnado elabore os seus propios textos conforme eses procedementos construtivos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
| --- |

En 1º Bacharelato traballarase co seguinte libro de texto:

- 1º Bacharelato: LINGUA GALEGA E LITERATURA, Baía edicións

Procurarase que as alumnas e alumnos manexen os libros de texto do xeito máis autónomo posíbel, facendo as súas consultas guiados polo/a profesor/a, realizando as actividades e comentarios de texto que nel se propoñen e, finalmente, elaborando as súas propias notas, guións, resumos e esquemas para desenvolver os distintos temas.
O libro de texto será completado con material moi diverso e en distntos soportes:

- A lectura obrigatoria por avaliación dunha obra literaria qaxeitada aos intereses do alumnado e aos obxectivos xerais do curso, e da que se fará un control, oral ou escrito, de lectura. A proposta ofertada de lectura obrigatoria para este curso é:
  - 1ª Avaliación: Maxina de Marcial Valladares e As alumnas de Paula Carballeira
  - 2ª avaliación: Lourenzo Xograr de Manuel Portas ou A arte de trobar de Santiago Lopo
  - 3ª Avaliación, 1 a escoller entre: Non hai noite tan longa ou A viaxe de Gagarin de Agustín Fernández Paz, Circe ou pracer do azul de Begoña Caamaño, O clube da Calceta de María Reimóndez e A praia dos afogados de Domingo Villar.

A maiores das tres lecturas obrigatorias, poderán facerse lecturas voluntarias que serán tidas en conta na avaliación.

- Fichas de traballo e cadernos de traballo e comentarios guiados.
- Presentacións dixitais preparadas pola profesora/profesor ou polo propio alumnado.
- Fontes bibliográficas diversas, como dicionarios enciclopédicos, coleccións de historia de Galiza e de historia universal, coleccións de arte, atlas xeográficos, libros de divulgación...
- Vídeos en DVD ou na Rede.
- Páxinas Web e blogues sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise fornecidos polo profesor.
- Murais temáticos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A profesora ou profesor deseñará e realizará unha avaliación diagnóstico ao principio de curso coa finalidade de determinar o grao das competencias en relación cos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe para o curso respectivo, e de orientar o deseño das medidas individuais ou colectivas que se poidan adop-tar como consecuencia dos resultados.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **12** | **16** | **6** | **12** | **6** | **14** | **14** | **100** |
| **Proba escrita** | 0 | 40 | 0 | 40 | 0 | 0 | 0 | 40 | 40 | **22** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 60 | 100 | 60 | 100 | 100 | 100 | 60 | 60 | **78** |

**Criterios de cualificación:**

Avaliación continua.
Realizarase unha avaliación continua, formativa e integradora, durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a marcha do alumnado e da que formarán parte todas as actividades levadas a cabo ao longo de cada período avaliatorio. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo, que se adoptarán en canto se detecten dificultades, procurando así a mellora do proceso de aprendizaxe.
Avaliacións trimestrais.
Realizaranse tres avaliacións coas súas correspondentes cualificacións coincidindo coa fin de cada trimestre natural. Isto suporá a revisión e avaliación tamén do proceso de ensino aprendizaxe coa correspondente proposta de mellora.
Instrumentos e criterios de avaliación e cualificación.

- Farase seguimento da alumna/o día a día a través do caderno e das actividades cotiás. Cada alumno/a realizará cando menos un traballo por trimestre que, xunto ao seguimento cotián, representará o 10% da cualificación.
- Faranse probas e traballos para comprobar a realización e aproveitamento das lecturas obrigatorias e voluntarias cun peso do 10% na cualificación.
- As exposicións, xunto a intervencións e a interacción dentro da aula permitirán obxectivar a competencia oral que significará o 10% da cualificación.
- Faranse probas obxectivas, tanto orais como escritas, ao longo do trimestre coa finalidade de valorar a evolución do alumno/a e preparar o exame de avaliación.
- Finalmente farase unha proba escrita –exame- por avaliación cun peso do 70%, e na que serán examinábeis os contidos traballados no respectivo trimestre, aínda que para aqueles do bloque de funcionamento da lingua vistos en períodos anteriores, mesmo non sendo directamente examinábeis, terase en conta para a cualificación a aplicación práctica dos mesmos. En función das cualificacións que houber, o(s) exame(s) de avaliación poderá abranguer a totalidade dos bloques de contidos ou poderá centrarse unicamente nos bloques de funcionamento da lingua, lingua e sociedade, e literatura. As probas obxectivas escritas, unha vez corrixidas, serán amosadas ao alumnado e serán comentadas na clase.

No caso de que un alumno/a non asista á realización dunha proba previamente acordada e se considere xustificada a súa falta, daráselle opción a poder realizar dita proba dentro dos prazos que veñan fixados pola avaliación.
No suposto de que un alumno/a, e a través de calquera procedemento, sexa descuberto copiando na realización dunha proba que non teña carácter final, retiraráselle a mesma e poderá repetila, por escrito ou oralmente, no prazo de 24 horas. Nas probas que representen o 100% da cualificación final na materia, final ordinaria (se é o caso) e final extraordinaria, o feito de copiar implicará a retirada da proba e a cualificación mínima que corresponda para o curso.

Criterios de corrección. Adoptaranse os seguintes:

- Nas probas escritas indicarase con claridade a valoración da cada unha das partes ou preguntas da mesma.
- A comisión, por parte do alumno/a, de erros léxicos, faltas de ortografía, incoherencias textuais, erros de cohesión ou defectos de presentación, poderá ser penalizada na cualificación de cada unha das probas de xeito ponderado e obxectivo. Nese sentido, agás nos exercicios específicos de ortografía coa súa puntuación específica, descontarase 0,2 puntos da nota das probas escritas por cada falta de ortografía ou solucións alleas ao sistema lingüístico galego, e 0,10 por cada erro de acentuación até un máximo de 2 puntos. Este criterio será tamén de aplicación para todo tipo de traballos e exercicios escritos e mesmo nas exposicións orais (erros léxicos).

Avaliación final.

A avaliación ao final de curso será sumativa, valorará o grao de consecución obtido polo alumno/a a respecto dos obxectivos previstos e expresarase a través dunha cualificación totalizadora nunha escala de 1 a 10. Como tal é a suma dos resultados obtidos no curso e a cualificación respectiva será a media das notas das tres avaliacións, media que poderá ter un redondeo positivo en función dunha clara mellora final na competencia de comunicación lingüística do/a alumno/a
Teranse en conta, na porcentaxe xa indicada, a realización de lecturas e traballos con carácter voluntario por parte do alumnado, o mesmo que outras actividades voluntarias organizadas por ou en colaboración co Departamento de Lingua Galega e Literatura (participación en xornadas, concursos orais ou escritos, revistas en papel ou dixitais, blogues, recitais de poesía...).

Procedementos, instrumentos e criterios de avaliación para a organización do final de curso de 1º de Bacharelato.
A sesión da terceira avaliación parcial coincidirá coa avaliación final ordinaria. A proba final da convocatoria extraordinaria realizarase na derradeira semana de clase; a sesión da avaliación final extraordinaria realizarase a partir de remataren as actividades lectivas.
O alumnado que non supere a materia na avaliación final ordinaria realizará na última semana unha proba final extraordinaria. A proba de recuperación corresponderá á totalidade da materia, sendo examinábeis a totalidade dos contidos do curso, e representará o 100% da cualificación final na materia de lingua.
O período lectivo abranguido desde a realización da sesión de avaliación final ordinaria e a proba final da convocatoria extraordinaria dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.
A proba extraordinaria será avaliada cos mesmos criterios de cualificación fixados na programación para o curso de 1º de Bacharelato.
O alumnado con todas as avaliacións aprobadas terá que realizar nas dúas últimas semanas do curso, de acordo co profesor ou profesora, actividades de ampliación.
Promoción na materia. En calquera caso, para as avaliacións, recuperacións, avaliación final e convocatoria extraordinaria de xuño, e logo de aplicar os criterios de cualificación descritos, o grao mínimo acadarase cunha cualificación de 5 sobre 10, de xeito que unha cualificación igual ou superior a 5 considérase aprobado, o que nas avaliacións final e extraordinaria permite a promoción na materia.

**Criterios de recuperación:**

Recuperación.
Así mesmo haberá actividades de recuperación para o alumnado que non acade o grao mínimo no tempo dos períodos avaliatorios trimestrais. Sen contradicir o sistema de avaliación continua e co fin de facilitar o estudo da materia, o alumnado que non alcance os mínimos terá opción a realizar as seguintes probas e actividades para a recuperación:

- Proba escrita, coa mesma distribución de preguntas sobre os contidos que realizaron na proba escrita da avaliación, e coa mesma porcentaxe sobre a cualificación.
- Comentario guiado (elaborados con textos actuais de diferente tipo: literarios, sociolóxicos, xornalísticos) a realizar fóra da aula no que se aplicarán e relacionarán os conceptos teóricos e prácticos traballados ao longo da avaliación, corresponderalle a porcentaxe restante sobre a cualificación.
- No seu caso, estimularase a modificación de actitudes ou hábitos de traballo para a avaliación seguinte.

O período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria (para bacharelato) dedicarase a actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación e non se impartirán novas unidades didácticas. Nese sentido, para o alumnado que teña contidos da materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación ordinaria, elaborarase un breve informe de avaliación individualizado.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de primeiro curso de Bacharelato inicia a etapa sen materias pendentes.

### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

## 6. Medidas de atención á diversidade

Dentro do alumnado do curso non se presentan necesidades educativas especiais.
En todo caso, a diversidade que se dá pode ser atendida tendo en conta a variedade de procedementos metodolóxicos e de actividades de aprendizaxe que recollen as distintas actividades da programación. Por outro lado, o profesor/a, no contexto da súa clase, introducirá actividades diversas (de exercitación, de reforzo e de ampliación) xa integradas nos libros de texto ou extraídas de material específico do departamento, que atendan ás diferenzas do alumnado segundo a súa propia observación. Só o profesorado, no contexto da aula, pode determinar con maior precisión o momento no que tratará determinados contidos e a atención e profundidade que deberá darlles.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - A comprensión lectora e a expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - O emprendemento | | | X | | | X | | |
| ET.4 - A educación cívica e o respecto ao Estado de dereito | X | X | | | | | | X |
| ET.5 - A igualdade efectiva entre mulleres e homes | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como de calquera forma de violencia de xénero, contra persoas con discapacidade, racismo, xenofobia, etc. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A saúde e a calidade de vida | | | | | | | | X |
| ET.8 - A discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A educación ambiental e o respecto polo medio natural | | | | X | | | | |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.1 - A comprensión lectora e a expresión oral e escrita | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) | X |
| ET.3 - O emprendemento | |
| ET.4 - A educación cívica e o respecto ao Estado de dereito | X |
| ET.5 - A igualdade efectiva entre mulleres e homes | X |
| ET.6 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como de calquera forma de violencia de xénero, contra persoas con discapacidade, racismo, xenofobia, etc. | X |
| ET.7 - A saúde e a calidade de vida | |
| ET.8 - A discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero | X |
| ET.9 - A educación ambiental e o respecto polo medio natural | |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Excursión a Santiago | Visita á exposición sobre o centenario do Seminario de Estudos Galegos na cidade da cultura | X | | |
| Concurso de microrrelatos e micropoemas | Certame anual organizado por Dinamizaestrada (Cordinadora de EDL dos Centros de Ensino da Estrada) | | X | |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias |

| |
|---|
| Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia |
| Metodoloxía empregada |
| Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia. |
| As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles. |
| Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos |
| Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados. |
| Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos. |
| As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase. |
| Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica. |
| O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías |
| Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas |
| Conseguíronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización. |
| Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes. |
| Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos |
| Clima de traballo na aula |
| Propiciouse un ambiente motivador na aula. |
| Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca). |
| Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.). |
| Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora. |
| Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensinoaprendizaxe das fillas ou fillos. |

**Descrición:**

A avaliación do proceso do ensino e a súa práctica docente efectúase, segundo a normativa vixente, a través duns indicadores de logro centrados en tres aspectos: a actitude profesional dentro da aula, o coñecemento e a actitude a respecto do alumnado e o cumprimento do establecido na programación didáctica.
Os indicadores valoraranse nunha escala de 0 a 10 e os seus resultados incorporaranse á memoria final. As deficiencias que foren detectadas teranse en conta na PD do próximo curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A Programación Didáctica, para ser útil, necesita contrastarse ao longo da actividade docente tendo en conta as características e necesidades educativas do alumnado concreto co que se traballa.
Para isto levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso:
A principios, a través da avaliación inicial permitirá axustar á realidade do alumnado co que se traballará.
Nas reunións de Departamento realizarase periodicamente un seguimento do desenvolvemento da mesma.
Nas avaliacións, en función dos resultados, poderase facer unha valoración e acordar as accións educativas pertinentes co obxectivo de atender as necesidades que se detecten no alumnado.
O final do curso que permitirá unha valoración global.
Para obxectivar este traballo o Departamento aplicará os seguinte cadros con diferentes indicadores:
1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

## 9. Outros apartados